

4º Exercicio, 29 de xullo de 2021

INSTRUCCIÓN

- O exercicio consiste na resolución de dous supostos prácticos a escoller entre os cinco propostos polo tribunal.
- O tribunal valorará o rigor analítico, os coñecementos xerais e específicos incorporados á análise, e a capacidade de relacionalos en cada suposto. Cada un deles será valorado entre 0 e 17,5 puntos.
- A valoración máxima de cada unha das cinco preguntas de cada caso práctico atópase entre parénteses ao final de cada una delas.
- A valoración deste exercicio será de 0 a 35 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de 17,5 puntos sumadas as valoracións de cada un dos supostos.
- O tempo máximo para a realización deste exercicio será de **cinco horas**.
- Posteriormente, o tribunal convocará ós aspirantes para ler o exercicio en sesión pública.

SUPOSTO PRÁCTICO I

A empresa EVENTOS S.A. resultou adxudicataria dun contrato para labores de coordinación dun congreso que se celebrará na Facultade de Dereito da USC. O valor estimado do contrato é de 12.000 euros e determínase un prazo de execución de 3 meses.

Unha vez comunicada a adxudicación, Don XXXX, fillo do propietario da empresa adxudicataria que cursou estudos en Rusia obtendo un título universitario que lle dá acceso nese país ao exercicio da profesión análoga á de Enxeñeiro en España, dirixe un escrito á USC para solicitar que se lle notifiquen ao seu domicilio particular todas as cuestións relativas ao contrato, sinalando como medio para a práctica da notificación o correo postal.

Examinada a solicitude, o órgano competente da USC resolve rexeitar a petición de D. XXXX por non acreditar a capacidade para actuar en representación da empresa. Un empregado de correos preséntase no domicilio de D. XXXX para practicar a notificación do dito acordo. Ao non estar ninguén no domicilio, faise cargo da notificación unha veciña do edificio, que asina o acuse de recibo correspondente. A veciña esquecese de entregar a carta a D. XXXX.

Despois dun tempo, D. XXXX, estrañado por non recibir ningunha notificación relacionada co contrato, acode ás oficinas da Universidade, onde lle informan que a súa petición foi rexeitada, que a resolución lle foi notificada no seu momento e que transcorreran todos os prazos posibles de revisión da negativa.

Cando regresa ao seu domicilio pregúntalle á veciña quen, tras desculparse, entrégalle a carta. Cando D. XXXX a abre ve que, efectivamente, a petición lle fora denegada. Con todo, non atopa ningunha información sobre o prazo que tiña para recorrer, polo que decide achegarse ás oficinas do rexistro para se informar.

Ademais, recibe unha chamada do seu pai, que lle conta que recibiu unha resolución da universidade de rectificación de erros na que se engade unha cláusula á resolución de adxudicación do contrato segundo a cal a cancelación do evento por parte da USC supoñería a rescisión do contrato.

CUESTIÓNS:

(argumente xuridicamente as súas respostas)

- 1.- Cos datos dispoñibles, analice de que tipo de contrato se trata, cal sería o orzamento base de licitación e que procedemento/s de adxudicación podería/n utilizarse. (3 puntos)
- 2.- Analice se D. XXXX ten dereito a recibir as notificacións da empresa. (3 puntos)
- 3.- Analice se a notificación practicouse correctamente. (3 puntos)
- 4.- É correcta a incorporación dunha nova causa de rescisión do contrato? Redacte un informe sobre esta cuestión, analizando as posibilidades substantivas e procedementais que tería a empresa ante a actuación da USC. (5,5 puntos)
- 5.- Explique que trámites tería que realizar D. XXXX para que o seu título universitario obtido en Rusia lle permitise exercer a profesión de Enxeñeiro en España. En caso de decidir non exercer a súa profesión explique o procedemento que ten que tramitar para que o seu título ruso teña validez académica en España. Que criterios utilizará o órgano que resolva? No caso de que finalmente D. XXXX decidise cursar estudos de Doutoramento, analice xuridicamente se podería ser admitido. (3 puntos)

SUPOSTO PRÁCTICO II

Dª XXXX asiste ao acto de gradación do seu fillo YYYY na Facultade de Física da Universidade de Santiago de Compostela (USC), o 2 de xullo de 2018. Finalizado o acto, ofrécese no vestíbulo do centro un viño galego aos asistentes, momento no que Dª XXXX sofre unha aparatosa caída. O 10 de xullo de 2018 recibe a alta médica despois de estar hospitalizada como consecuencia do devandito accidente.

D. ZZZZ, persoal de administración e servizos da USC, presenta un escrito, en representación da súa cónxuxe Dª XXXX, o 4 de xullo de 2019, na oficina de asistencia en materia de rexistros, e no que identifica o seu domicilio habitual como lugar para a práctica de notificacións. No devandito escrito alégase que a caída de Dª XXXX se debeu a que o pavimento se atopaba húmido polos labores de limpeza da empresa de mantemento contratada pola USC e solicita a compensación dos danos sufridos nunha cantidade de 3.600 €. Acompaña o escrito de fotos acreditativas do estado do pavimento e da falta de sinalización.

Con data de 10 de xullo de 2019, D. ZZZZ recibe un aviso no seu correo electrónico persoal da posta ao dispor dunha notificación na sede electrónica da USC, á que accede ao día seguinte. E o día 12 de xullo recibe no seu domicilio a mesma notificación en papel, que recolle a súa filla de 14 de anos. Na devandita notificación indícase que con data de 4 de xullo de 2019 a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da USC e que a mesma non reúne os requisitos esixidos na lexislación vixente, requiríndolle fotocopia do DNI, acreditación da representación e que especifique as lesións producidas.

Emendada a solicitude, D. ZZZZ non volve recibir notificación algunha e o 8 de outubro de 2019 interpón recurso en vía administrativa ao entender que a súa solicitude foi desestimada.

CUESTIÓNS:

- 1.- Analice, de acordo coa normativa que resulte de aplicación, as cuestións xurídicas relativas á presentación por D. ZZZZ do escrito de data do 4 de xullo de 2019. (3 puntos)
- 2.- Avalíe a validez e eficacia das notificacións realizadas pola USC a D. ZZZZ en xullo de 2019. Fundamente xuridicamente a súa resposta. (3 puntos)
- 3.- Analice, conforme á normativa aplicable, as cuestións relativas á corrección da solicitude. (3 puntos)
- 4.- Analice xuridicamente a falta de resolución expresa e a interposición do recurso en vía administrativa. (3 puntos)
- 5.- Redacte a proposta de resolución da USC, fundamentada en dereito, respecto a o recoñecemento do dereito, ou non, de Dª XXXX a ser indemnizada por responsabilidade patrimonial. (5,5 puntos)

SUPUESTO PRÁCTICO III

O 21 de xaneiro de 2019 publícase no DOG unha resolución reitoral pola que se nomea persoal funcionario de carreira da escala administrativa da USC aos aspirantes que superaron o concurso-oposición, entre os que, pola quenda libre, atópase D. XXXX que, con destino definitivo na Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo, toma posesión do posto o día 19 de febreiro de 2019. O 21 de xullo de 2019, seis meses despois da publicación da resolución reitoral mencionada, D. XXXX é elixido alcalde do concello de Begonte, cargo retribuído e de dedicación exclusiva. Tempo despois e debido a unha moción de censura, cesa no cargo, polo que solicita o reingreso na USC. Esta comunícalle que debe incorporarse á Facultade de Ciencias do Campus de Lugo, o cal se produce o 21 de decembro de 2020.

O 8 de xaneiro de 2021 convócanse probas selectivas para a escala de xestión, subgrupo A2, pola quenda de promoción interna. Nas súas bases reguladoras dispónse que o prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais desde o día seguinte á súa publicación e que se tomará como referencia para a valoración dos méritos na fase de concurso a data do peche do prazo de presentación de solicitudes, é dicir, o día 28 de xaneiro de 2021. Na resolución reitoral que aproba e fai pública a lista definitiva de admitidos e excluídos, D. XXXX é excluído por non cumprir co tempo mínimo de servizos prestados para acceder por promoción interna. Fronte a dita resolución, que esgota a vía administrativa, D. XXXX decide interpoñer o correspondente recurso, alegando que debe terse en conta o seu período como alcalde para o cómputo dos servizos prestados.

Doutra banda, Dª YYYY, cónxuxe de D. XXXX, funcionaria de carreira do corpo técnico do Concello de Lugo, o 1 de marzo de 2021 é nomeada asesora de prensa do Presidente da Xunta de Galicia, cargo de confianza con especial dedicación e dispoñibilidade horaria e con destino en Santiago de Compostela. O 6 de marzo de 2021, D. XXXX acode ao Rexistro dos Servizos Administrativos da Biblioteca Intercentros da USC no Campus de Lugo, onde presenta un escrito solicitando a excedencia por agrupación familiar. Fundamenta a súa solicitude no novo nomeamento da súa cónxuxe como persoal eventual con destino en Santiago de Compostela. A USC notifícalle a resolución denegatoria da súa solicitude. D. XXXX interpón o recurso procedente alegando, por unha banda, que a notificación unicamente inclúe o texto íntegro da resolución, de maneira que ó seu entender non pode ter efectos dita notificación nin a resolución que contén; doutra banda, considera que si se dan os requisitos para o recoñecemento da excedencia solicitada. Transcorrido o prazo legalmente previsto para resolver o devandito recurso, sen que a USC resolva o mesmo, D. XXXX entende que lle foi concedida a excedencia solicitada e, por iso, solicita a correspondente certificación.

CUESTIÓNS:

- 1.- De acordo coa normativa aplicable ás situacións administrativas dos empregados públicos, fundamente xuridicamente a situación na que se atopa D. XXXX en marzo de 2020 e tras o seu reingreso na USC en decembro do mesmo ano. (3 puntos)
- 2.- Expoña, de acordo coa normativa aplicable, o recurso ou recursos (tipo de impugnación, prazos, e órganos competentes para resolvelos) que podería interpoñer D. XXXX fronte á resolución pola que se lle exclúe do proceso selectivo, así como as posibilidades de prosperar os devandito/ s recurso/ s, en canto ao fondo, de acordo coa normativa vixente en materia de dereitos e deberes dos empregados públicos. (3 puntos)
- 3.- Analice xuridicamente, segundo a normativa aplicable en materia de administración electrónica, a presentación física da solicitude de excedencia por agrupación familiar no Rexistro da Biblioteca Intercentros. (3 puntos)
- 4.- É correcto o motivo aducido por D.XXXX en canto á ineficacia da notificación e da resolución denegatoria da súa solicitude de excedencia por agrupación familiar? Fundamente xuridicamente a súa resposta de acordo coa normativa aplicable. (3 puntos)
- 5.- Elabore un informe no que se fundamente xuridicamente todos aspectos relativos á solicitude de excedencia e dite a posible resolución que lle comunicará a USC. (5,5 puntos)

SUPOSTO PRÁCTICO IV

O alumno XXXX matriculouse nos estudos de doutoramento no ano 2015, presentando e defendendo a súa tese de doutoramento en xuño de 2019. Posteriormente, tense noticia de que hai indicios de plaxio no traballo presentado e defendido, e iniciase un procedemento de información reservada no que se detecta que o traballo presenta unha coincidencia superior ao 50% cunha tese de doutoramento que fora presentada no ano 2017 na Universidade de Burgos, coincidindo integramente figuras e gráficos, parágrafos, páxinas e incluso capítulos de ámbalas teses. Á vista destes feitos, o reitor da Universidade acorda o 29 de novembro de 2019 iniciar un procedemento de revisión de oficio do título universitario de doutor expedido, nomeando ao correspondente instrutor. Con data 31 de xullo de 2020, o instrutor do expediente formulou proposta de resolución favorable á revisión do acto de que se trata e coa mesma data o reitor remite o expediente para o ditame do Consello Consultivo de Galicia¹, tendo entrada nese organismo o día 3 de agosto de 2020. Ao día seguinte, na sección de ditames acordouse, de conformidade co previsto no artigo 39.2 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño², ampliar o período de emisión do preceptivo ditame polo prazo dun mes.

CUESTIÓNS:

1. Avalíe, expoñendo os apoios normativos e os argumentos xurídicos precisos, a procedencia da vía de revisión de oficio. (3 puntos)
2. Determine se o desenvolvemento do procedemento descrito é axeitado ou presenta algunha irregularidade a ter en conta, achegando os razoamentos e apoios normativos precisos. (3 puntos)
3. Respecto o papel do Consello Consultivo de Galicia, expoña a natureza e efectos do ditame solicitado e indique, ao seu xuízo, cal debería ser o sentido no que se manifestase ese órgano consultivo, ofrecendo a argumentación e os apoios normativos precisos. (3 puntos)
4. Dado o seu traballo na Universidade, encárgaselle redactar unha proposta completa de resolución en sentido favorable á revisión de oficio iniciada. (5,5 puntos)
5. Durante a tramitación do procedemento, o señor XXXX non se presentou a unha convocatoria de bolsas posdoutorais polo temor ás posibles consecuencias do procedemento. Se finalmente non se anulase o seu título de doutor, que medidas podería utilizar para compensar o dano sufrido? Presente os argumentos e apoios normativos que podería utilizar. (3 puntos)

¹ O ditame solicítase en aplicación do artigo 12 da Lei 2/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, cuxo texto establece que "O Consello Consultivo ditaminará preceptivamente sobre os seguintes asuntos: [...] f) Revisión de oficio dos actos e das disposicións administrativas e recurso administrativo de revisión". Debe terse en conta que o artigo 11 da mesma lei sinala que "Os ditames non serán vinculantes, agás que por lei se dispoña expresamente o contrario". Segundo o artigo 17 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, será competente para a emisión destes ditames a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia.

² O artigo 37 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia indica que "O Consello Consultivo deberá emitir os seus ditames e informes, con carácter xeral, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da recepción da solicitude no Rexistro Xeral do Consello Consultivo", engadindo que "Non obstante, cando na solicitude do ditame ou informe o órgano ou institución consultante fixese constar motivadamente a urxencia, o prazo de emisión do ditame ou informe será de quince días, agás que a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou o Consello da Xunta fixen outro menor". Pola súa banda, o artigo 39 do mesmo texto normativo establece que "Salvo disposición legal en contrario, o órgano competente do Consello, mediante resolución motivada e notificada ao órgano ou Administración consultante, poderá acordar a ampliación do prazo para emitir un ditame ou informe por un período que non excederá a metade do inicialmente establecido", aínda que o parágrafo 2 dese precepto di que "Excepcionalmente, e salvo disposición legal en contrario, cando o número de solicitudes de ditame ou informe formuladas impida razoablemente o cumprimento do prazo, o órgano competente poderá amplialo por un tempo igual ao orixinario"

SUPOSTO PRÁCTICO V

Dª. XXXX, profesora contratada doutora acreditada para o acceso á corpo de profesores titulares de universidade, o 8 de xullo de 2019, presenta en sobre aberto na oficina de correos de Malpica, onde se atopa de vacacións, unha solicitude para participar na convocatoria de prazas de profesor titular (resolución reitoral de 20 de maio de 2019) publicada no DOG de 28 de maio de 2019.

A referida convocatoria sinala que: “As persoas que desexen participar nesta convocatoria deberán formalizar a súa solicitude, acompañada da documentación correspondente, unicamente por medios electrónicos, a través da aplicación ...” e “A falta de presentación da solicitude a través dos procedementos e formularios descritos neste número será causa de exclusión e non poderá repararse no prazo establecido na base ...”

Consonte co anterior, por Resolución de 30 de xullo de 2020 pola que se publica a lista definitiva de admitidos, resulta excluída. Fronte a tal exclusión presenta reclamación– que denomina recurso de alzada diante do Consello de Goberno da USC- na que entre outras cuestións indica que a convocatoria non é acorde a dereito en virtude do previsto no artigo 16.4 b) da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común (en diante LPAC) .

Con data do 29 de decembro de 2020 solicita da secretaría xeral da USC información de como proceder en relación coa cualificación dun alumno na materia da que é responsable. O alumno en cuestión, é curmán do seu cónxuxe, o que ela descoñecía e polo que di que non presentou solicitude de abstención de cualificación. O familiar tras saírlle mal o exercicio, unha vez cualificado con suspenso e logo de que transcorresen os prazos para presentar reclamación fronte á cualificación, indicoulle que a ía recusar aos efectos de que outro profesor lle realizase novamente a proba .

Na mesma consulta anterior, a profesora indica que, por mor da necesidade de conciliar -por ser nai dunha cativa de dous anos- e da indicación do seu departamento de que non pode elixir, con prioridade sobre outros docentes de maior xerarquía e antigüidade, materias que lle permitan conciliar, verase obrigada a solicitar dedicación a tempo parcial.

Con ocasión da entrega dos Premios Planeta, nos que a profesora saíu finalista (cun premio de 300.000 euros) dende a editorial trasládanlle a posibilidade de encargarlle, na súa condición de profesora da universidade, un estudio sobre os hábitos lectores dos alumnos de Ciencias da Comunicación. Diante desta proposta a profesora cuestiónase se ten que pedir compatibilidade para a realización do encargo, se debeu comunicar á USC o importe do premio recibido e se o encargo da editorial na súa condición de docente da USC precisa dalgunha autorización ou compatibilidade.

Finalizado o mandato da actual directora do departamento, Dª. XXXX, que leva 8 anos como Secretaria do mesmo, cuestiónase se podería presentar candidatura á dirección e se, para o caso de non poder ou podendo non saíse elixida, se podería continuar como Secretaria do departamento cando menos por catro anos máis.

CUESTIÓNES:

- 1.-Realice un informe sobre os aspectos procedimentais e substantivos en relación coa exclusión da participación na convocatoria de Dª XXXX (5,5 puntos)
- 2.-Realice unha análise xurídica sobre a recusación do familiar de Dª XXXX. (3 puntos)
- 3.-Qué aspectos legais e técnicos debería ter en conta a profesora Dª XXXX en relación coa consulta sobre á conciliación. (3 puntos)
- 4.- De contestación as cuestións que se fai Dª XXXX logo de recibir o premio. (3 puntos)
- 5.-Analice as posibilidades que ten Dª XXXX para ser Directora de departamento e repetir como Secretaria. (3 puntos).